

XORNADA

Voute preservar, miñoca!

Onde os videoxogos en galego e a
arqueoloxía se dan a man



15 de setembro de 2023
11.30 h
Edificio Redeiras
Praza do Berbés, Vigo

Inscripción:
[geaat.webs.uvigo.es/gl/
formulario-de-inscripcion](http://geaat.webs.uvigo.es/gl/formulario-de-inscripcion)



Desaño: Área de Imaxe. Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Universidade de Vigo

Vicerreitoría
de Extensión
Universitaria

Área de
Normalización
Lingüística

GEEAT

Escola de
Enxeñaría de
Telecomunicación

 XUNTA
DE GALICIA

MUVI.

XORNADA

Voute preservar, miñoca!

Onde os videoxogos en galego e a arqueoloxía se dan a man



15 de setembro de 2023
11.30 h
Edificio Redeiras
Praza do Berbés, Vigo

Universidade de Vigo

Xornada

Voute preservar, miñoca!

Onde os videoxogos en galego e a arqueoloxía se dan a man

Data: venres, 15 de setembro de 2023

Lugar: Edificio Redeiras. Praza do Berbés, Vigo

Inscripcións: <https://geaat.webs.uvigo.es/gl/formulario-de-inscripcion/>

Programa

11.30 h Encontro didáctico con UVigo SpaceLab, os auténticos guerreiros e guerreiras do espazo da Universidade de Vigo.

Un grupo de mozos e mozas que colaboran coa Axencia Espacial Europea e que están a participar na misión BIXO, onde estudan cultivos bacterianos en órbita para coñecer a viabilidade da nosa supervivencia en Marte.

12.00 h Zona de videoxogos retro en galego

O certo é que as consolas que reinaron nos anos oitenta e noventa non se caracterizaban polo coidado das linguas como o galego.

Pero, coma sempre, para iso estaba a comunidade de usuarias e usuarios de Galicia, capaz de facer o que fixese falta para que o seu personaxe favorito falase na nosa lingua. Grazas a estes fans do galego e dos videoxogos, hoxe podemos contar con propostas de lecer sobre toda unha fauna de ourizos, cogomelos e superheroes do anime.

16.30 h Entre nós

[0-100 anos, menores de 12 anos acompañados] [*Among Us*-IRL]. O exitoso videoxogo volve, nesta ocasión, convertido nunha proposta presencial para toda a familia.

Among Us trátase dun xogo multixogador en liña: estás nunha nave espacial e dous impostores que están «entre nós», de aí o título, teñen que matar os outros oito tripulantes antes de que estes os descubran.

17.00 h Hackathon para crear guións de videoxogos

Beatriz Legerén Lago [a partir de 14 anos]. Deseñadora de narrativas con tecnoloxía dixital e investigadora sobre entretemento interactivo da Universidade de Vigo.

Vai encabezar unha tripulación de piratas culturais, que terán como obxectivo o deseño do concepto e da narrativa dun videoxogo do século XXI.

17.00 h Adestramento de elite en deportes dixitais

Tomás Leis Bravo [a partir de 14 anos]. Competidor de deportes electrónicos (*e-Sports*), capitán do equipo de Valorant da UVigo, campión dos torneos presenciais de Onete Gaming e de Gaming Troop.

Queres introducirte no mundo dos deportes electrónicos e ser un dos mellores, desbloquear todo o teu potencial como xogador ou xogadora? Pois non podes perder o encontro con Tomás, un dos mellores deportistas de Galicia e un as niso de saber trucos.

18.00 h Onde a lingua é vitaaaal!

Julio Lorenzo [0-100 anos]. Actor de dobraxe de Son Goku para a TVG.

Son Goku visita Vigo para contarnos centos de anécdotas e amosar como se pode chegar a superar o millón de unidades de forza niso de motivar a falar en galego a varias xeracións.

19.00 h Campionato de Dragon Ball Z: Super Butōden 2

[12-100 anos]

A segunda entrega da saga de *Dragon Ball* para a mítica consola SuperNes de Nintendo é un completo xogo que transmite, perfectamente, a sensación da serie e do manga de *Dragon Ball*.

Animáste a poñerte nos mandos de Son Goku e compañía e participar no campionato de artes marciais?

19.45 h Traducir e paratraducir os videoxogos en Galicia

José Yuste Frías é codirector do título propio de Especialista en Tradución para a Industria do Videoxogo (ETIV), coordinador do Mestrado en tradución para a comunicación internacional (MTCI) –mestrado universitario excelente da Xunta de Galicia– e investigador principal do Grupo de Investigación Tradución & Paratradución (T&P) da Universidade de Vigo.

Hai todo un mundo de tradución e de paratradución global, multilingüe e internacional cara ao galego e do galego para o mundo nos eidos virtuais e no Grupo T&P, do que José Yuste Frías é o investigador principal. Seguro que a súa presentación nos dará moito «xogo».

20.00 h Clausura da exposición «Arqueoloxía dixital galega»

[0-100 anos]

Que fai Microsoft contratando arqueólogos e arqueólogas? Esta é a inesperada pregunta que serve de arranque á exposición. Está comisariada por Óscar Penín, investigador do GEAAT, o Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio da Facultade de Historia. A exposición adéntrase no traballo da pouco coñecida arqueoloxía contemporánea e nas súas cada vez máis fondas conexións cos mundos virtuais.